

NOVIDADES

27/10/2016

Apertura do prazo de inscrición de aspirantes a nomeamentos temporais nos postos de traballo de persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria (Lei 17/1989, do 23 de outubro).

No Diario Oficial de Galicia do día 27 de outubro de 2016 publícase a Resolución pola que se inicia a inscrición nas seguintes listas:

1. Clase de Inspector/a médico/a.
2. Clase de Inspector/a farmacéutico/a.
3. Clase de Farmacéutico/a inspector/a de saúde pública.
4. Lista xeral de Licenciado/a sanitario/a: licenciado/a en medicina e cirurxía, licenciado/a en farmacia, licenciado/a en ciencias químicas, licenciado/a en ciencias biolóxicas, licenciado/a en psicoloxía.
5. Clase de Subinspector/a sanitario/a.
6. Clase de ATS/DUE.

O prazo de presentación de solicitudes iníciase o día 28 de outubro e a primeira lista xerarase coas persoas inscritas ata o 30 de novembro de 2016.

Na nosa páxina web, seguindo a ruta *EMPREGO PÚBLICO>Listaxes de contratación de persoal funcionario sanitario (Lei 17/1989, do 23 de outubro)*, pode consultar as bases que regulan o procedemento de inscrición xunto co texto da presente resolución.

Para a inscrición ten que acceder a *Oficina do profesional/ Expedient-e (FIDES)*, rexistrar os seu datos e méritos, e logo debe dirixirse á pantalla de *Procesos* onde deberá cumprimentar o formulario electrónico e pagar as taxas. Debe imprimilo e presentalo a través dun rexistro administrativo dirixido ás unidades de validación. O devandito formulario estará operativo na data de apertura do prazo de inscrición.

As persoas que confirmen a súa solicitude despois do 30 de novembro figurarán na seguinte xeración de listas.